

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 5 DE DECEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE  
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Proxecto de Lei de accesibilidade.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomea a José Alberto Pazos Couñago como director xeral de Administración Local.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Entidade Pública Empresarial Red.es para o desenvolvemento de servizos dixitais para o benestar social de Galicia dirixidos á rede galega de centros de iniciativa pública do eido de benestar social cun importe de oitocentos mil euros (800.000 euros).
- Acordo polo que se aproba o texto do convenio marco de colaboración e apoio mutuo entre as comunidades autónomas do Principado de Asturias e de Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se procede á convocatoria pública da axuda, en réxime de concorrencia non competitiva, ás persoas inquilinas das vivendas arrendadas no marco do Programa Aluga, no exercicio 2014.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do concello de Nigrán, por un importe total de un millón de euros (1.000.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos euros (682.500,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión de diversas consellerías á Consellería de Sanidade para a realización do programa de inspección e control da incapacidade temporal dos empregados públicos adscritos a MUFACE e MUGEJU, para os anos 2014-2016 na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a avaliación final do II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento (2010-2013).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a proposta de resolución das axudas do Igape da convocatoria do Programa Innoempresa 2013, cofinanciado polo FEDER.





---

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a negociación do Comodato na Biblioteca de Galicia dos fondos bibliográficos de Novagalicia Banco.



## BENESTAR CREARÁ POR PRIMEIRA VEZ EN GALICIA UNHA REDE DE ATENCIÓN TEMPERÁ PARA NENOS E NENAS DE ENTRE 0-6 ANOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regulará esta nova actuación integral e transversal que coordinará un espazo común entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais*
- *O Goberno galego deu hoxe tamén hoxe o visto e prace ao proxecto da Lei de accesibilidade, que agora pasa a trámite parlamentario*
- *O obxectivo do decreto de atención temperá é prestar atención aos menores con problemas de desenvolvemento ou en risco de padecelos, así como ás súas familias*
- *Entre outras novidades, establecerá que os profesionais do ámbito teñan unha formación específica e regulará a existencia dun profesional de referencia para os usuarios*
- *A través deste texto crearase tamén o Consello Autonómico de Atención Temperá, que establecerá as liñas estratéxicas na materia*
- *Estas actuacións inscríbense na aposta do Goberno galego pola atención de calidade ás persoas con discapacidade, na mesma semana en que se conmemorou o seu día internacional*

A Consellería de Traballo e Benestar creará, por primeira vez en Galicia, unha rede de atención temperá destinada a atender aos nenos e nenas de entre 0 e 6 anos que padecen problemas de desenvolvemento ou están en risco de padecelos (tanto dependentes como non dependentes). O obxectivo é avanzar na autonomía, na prevención e na calidade de vida, tanto dos propios menores como das súas familias.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regulará esta nova actuación, que terá un carácter integral e transversal. Entre os seus principais obxectivos está o de coordinar un espazo común entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais. Esta coordinación permitirá acadar, fundamentalmente, dúas metas: unha atención integral, continuada, flexible e contextualizada; e, ao mesmo tempo, conseguir a máxima eficiencia á hora de prestar estes servizos.

A creación da rede permitirá, tamén, que os distintos servizos e recursos (centros, programas de atención, unidades hospitalarias...) que pasen a formar parte dela actúen baixo uns mesmos criterios, e sexan acreditados baixo os mesmos parámetros. En concreto, a rede estará rexida polos principios reitores de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, proximidade, interdisciplinabilidade e alta cualificación profesional, diálogo e participación familiar, e calidade.

Entre outras novidades, este decreto establece que os profesionais que traballen neste ámbito deberán ter unha formación específica en atención temperá. Regula, tamén, a



figura do profesional de referencia para as familias en relación cos tres ámbitos (sanidade, educación e servizos sociais).

En canto aos servizos específicos da rede, serán definidos nas respectivas carteiras. No caso dos menores con dependencia, os seus recursos xa veñen establecidos na carteira publicada o pasado mes de setembro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e son: diagnóstico e valoración; desenvolvemento psicomotor, cognitivo, de linguaxe e comunicación, da autonomía, e da área social e afectiva; e apoio, información, habilitación e formación da familia. No que se refire aos menores que non teñen ningún grao de dependencia, os seus recursos serán establecidos na carteira de servizos para persoas con autonomía, na cal xa se está traballando.

O texto aprobado hoxe, co fin de asegurar a coordinación interdepartamental, creará o Consello Autonómico de Atención Temperá que, entre outras funcións, se encargará de establecer as liñas estratéxicas que se van desenvolver nesta materia.

### **Lei de accesibilidade**

Por outra banda, o Goberno galego deu hoxe o visto e prace definitivo ao proxecto da nova Lei de accesibilidade, que agora entrará en trámite parlamentario. O Consello da Xunta xa coñecera este texto a través dun informe o pasado mes de setembro.

O seu obxectivo é actualizar e unificar a normativa que existe actualmente nesta materia (o anterior texto data de 1997), co fin último de impulsar unha sociedade inclusiva

O novo texto, en liña tamén coa entrada esta semana en vigor do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ten un enfoque máis global e un alcance superior ao anterior xa que, ata o de agora, a normativa actual partía do concepto de eliminación de barreiras só no eido arquitectónico. Coa nova normativa búscase que a accesibilidade sexa universal. Inclúe, por exemplo, o concepto de accesibilidade no ámbito da comunicación co fin de superar tamén barreiras que son menos visibles. Fai especial fincapé en eidos como as TIC ou as telecomunicacións.

Como aspectos máis concretos cabe destacar, o establecemento de que o número de prazas de estacionamento reservado para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcamento que se poidan levar a cabo para fomentar a mobilidade sustentable; o incremento da porcentaxe de reserva de vivendas adaptadas, no caso da promoción pública, do 3 ao 4 por cento; ou o aumento da rigorosidade do réxime sancionador co fin de frear comportamentos discriminatorios.



### **Atención á discapacidade**

O Goberno galego aprobou hoxe ambos os textos, na mesma semana en que se conmemora o Día internacional das persoas con discapacidade, que se celebrou o pasado día 3. A atención a este colectivo é unha das prioridades da Xunta, que ten propuxo unha estratexia global e blindou o orzamento destinado a este fin.

En concreto, as dúas actuacións aprobadas hoxe veñen recollidas no Plan de acción integral para persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013. O compromiso reflíctese tamén nos orzamentos, que contarán en 2014 con máis de 97 millóns de euros, entre as medidas de atención social e de fomento do emprego.

Por último, cabe destacar tamén que o decreto de atención temperará se enmarca na Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, horizonte 2020, grazas a que a prevención pasa a considerarse prioritaria nas intervencións públicas. Por outra banda, é preciso lembrar que a coordinación entre departamentos ten tamén o seu reflexo en fitos como o Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia.



## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL**

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a José Alberto Pazos Couñago como novo director xeral de Administración Local en substitución de Norberto Uzal, que cesou, por petición propia e motivos persoais, do cargo.

Pazos Couñago é licenciado en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e polo Centro Europeo de Estudos superiores (actualmente, UEM) e ata o de agora exercía como avogado e deputado do Parlamento de Galicia pola circunscrición de Pontevedra.

Ten un máster en Asesoría Xurídica de Empresas e o título de Especialista en Arrendamentos Urbanos e Propiedade Horizontal. Foi concelleiro en Redondela desde 2007 e deputado provincial polo partido xudicial de Vigo en 2011 e 2012.





## **A XUNTA E RED.ES INVESTIRÁN 800.000 EUROS NA RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO E A INFRAESTRUTURA TIC DA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE BENESTAR**

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre o ente público estatal e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia*
- *Posibilitará a modernización do equipamento tecnolóxico dos centros públicos necesaria para poder desenvolver as actuacións do Plan Trabe para a implantación efectiva das TIC na área de benestar*
- *Para garantir o desenvolvemento destas actuacións xa se mellorou a conectividade no 52% das residencias públicas de maiores, no 60% dos centros de persoas con discapacidade e na metade das escolas infantís que precisaban ampliar o largo de banda*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e Red.es para renovar o equipamento e as infraestruturas tecnolóxicas da rede galega de centros públicos do eido do benestar.

O acordo establece un investimento de 800.000 euros para dotar de medios tecnolóxicos no posto de traballo (ordenadores persoais, equipamentos de mobilidade, medios para a dixitalización) como de infraestruturas TIC necesarias para a implantación de servizos dixitais neste eido. Do importe total Red.es achegará 640.000 euros e a Xunta 160.000 euros.

Con esta dotación de equipamento a Administración autonómica cumpre un requisito previo e necesario para poder desenvolver o Plan Trabe, aprobado o pasado mes de outubro polo Goberno galego, para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais.

### **Primeira fase**

Nunha primeira fase priorizarase a renovación do equipamento nos centros de maiores, persoas con discapacidade e escolas infantís, tres tipoloxías de centros nas cales xa se están a desenvolver actuacións de Modernización tecnolóxica previstas no Plan Trabe.

No caso dos 24 centros de maiores e de persoas con discapacidade estase a desenvolver un sistema de xestión integrada que permitirá modernizar a xestión e favorecer a continuidade asistencial. Ademais, iniciouse a implantación da ferramenta IANUS, a plataforma dixital que xestiona a historia clínica electrónica para os perfís médicos na sanidade pública galega, favorecendo a atención integral dos residentes grazas á coordinación socio-sanitaria.

Outra das liñas de actuación do Plan Trabe é a o desenvolvemento dunha aplicación de xestión do proceso de admisión na rede autonómica de escolas infantís que permitirá



unha xestión moito máis áxil e coordinada das solicitudes de ingreso a través dunha ferramenta informática única para todos os actores implicados. Esta ferramenta tamén permitirá simplificacións e melloras na xestión do programa do Cheque Infantil.

Para garantir o desenvolvemento destas actuacións desde a Amtega xa se mellorou a conectividade no 52% da residencias públicas de maiores, no 60% dos centros de persoas con discapacidade e na metade das escolas infantís que precisaban ampliar o largo de banda.

### **Plan Trabe**

O Plan Trabe, cun orzamento de 8 millóns de euros, ten entre os seus obxectivos fundamentais facilitar a implantación da historia social única dos usuarios. Para conseguilo crearase unha plataforma tecnolóxica que permitirá o intercambio de información entre o sistema sociosanitario e as administracións local e autonómica, dispoñibles para todos os axentes implicados con toda a información relevante dos usuarios e coa carteira de servizos global.

Outro dos eixos é axilizar a tramitación e a xestión de pagamentos para o que se mellorarán as ferramentas empregadas polos profesionais para a xestión da información, conseguindo reducir o tempo dedicado á xestión de solicitudes e unha xestión máis eficaz de pagamentos

Trabe prevé tamén a implantación dunha plataforma de teleasistencia social que favoreza autocoidado preventivo no fogar, grazas ao seguimento dos usuarios e ao seu tratamento a distancia.

Esta iniciativa permitirá un aforro estimado duns 30 millóns de euros cada ano nos servizos sanitarios, e de 4 millóns de euros de aforro cada ano nos servizos sociais.



## **GALICIA E ASTURIAS COLABORARÁN NA XESTIÓN DE EMERXENCIAS EN ZONAS LIMÍTROFES**

- *O Consello aprobou o texto dun convenio marco de colaboración entre ambos os gobernos para acadar unha resposta coordinada e eficaz ante emerxencia graves*
- *Oficializa a tradicional colaboración en materia de protección civil e xestión de emerxencias de ambas as autonomías, centradas na loita contra os lumes forestais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto dun convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Principado de Asturias para acadar unha resposta coordinada e eficaz ante situacións de emerxencia graves nas zonas limítrofes entre ambos os dous territorios.

Este convenio oficializa a tradicional colaboración en materia de protección civil e xestión de emerxencias entre estas autonomías, que teñen na loita contra o lume unha das principais prioridades dos seus gobernos.

O convenio promoverá a realización de accións conxuntas dirixidas á acadar a óptima coordinación operativa e a realización das actividades de planificación e preparación necesarias para asegurar unha resposta inmediata e eficaz ante situacións que poñan en risco as vidas das persoas, a integridade dos seus bens e o ambiente. Así mesmo, promoverá o intercambio de información, coñecemento mutuo e formación técnica recíproca en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

En concreto, ambas as comunidades asumirán o compromiso de someter a súa colaboración e asistencia mutua a procedementos operativos de intervención, baseados nos criterios de reciprocidade, comunicación permanente -sempre a través dos centros 112- e mando único. Este último será designado pola comunidade afectada ou de común acordo cando a incidencia afecte aos dous territorios.

Así mesmo, comprométense a elaborar un Plan de actuación conxunta, no cal se acometerá a redacción de protocolos operativos específicos e programas de visitas, formación, prácticas e simulacros conxuntos. Tamén intercambiarán información cartográfica e relativa ao Catálogo de medios e recursos dispoñibles para atender as emerxencias.

Os municipios limítrofes incluídos no marco deste convenio son Ribadeo, Trabada, A Pontenova, A Fonsagrada, Negueira de Muñiz e Navia de Suarna, pola parte galega; e Castropol, Vegadeo, San Tirso de Abres, Taramundi, Santa Eulalia de Oscos, Grandas de Salime, Allande e Ibias, en Asturias.



## **A XUNTA DESTINARÁ 2,26 MILLÓNS DE EUROS AOS CONTRATOS DO PROGRAMA ALUGA QUE SE RENOVEN NO ANO 2014**

- *Ademais o ano próximo contará con outros 2,63 millóns de euros correspondentes ás axudas renovadas en decembro de 2012*
- *O programa Aluga dispón de axudas dirixidas aos inquilinos para o financiamento parcial da renda, nunha porcentaxe que vai do 30 por cento ata o 70 por cento do prezo da renda, segundo tramo de ingresos*
- *Os beneficiarios do Programa de afectados por execucións hipotecarias tamén teñen acceso ás vivendas do Aluga, posto que este colectivo se determina como de atención preferente con axudas excepcionais á hora de acceder a estas vivendas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 2.263.000 euros ás axudas a inquilinos do Programa Aluga cuxos contratos se renoven ao longo de 2014. A autorización deste gasto ten como obxectivo atender as prórrogas dos contratos de arrendamento asinados en anos anteriores, posto que as axudas do programa Aluga concédense por períodos de doce meses renovables cada ano, cando se cumpren as condicións, ata un máximo de cinco anualidades.

Dado que os contratos se desenvolven ao longo de varias anualidades, o gasto aprobado hoxe corresponde a axudas que se pagarán en 2014 (1.100.000 euros) e 2015 (1.163.000 euros).

En 2014 o Programa Aluga contará con outros 2.633.766 euros, correspondentes á anualidade que foi aprobada por anticipado en decembro de 2012.

O programa Aluga dispón de axudas dirixidas aos inquilinos para o financiamento parcial da renda, nunha porcentaxe que vai do 30 por cento ata o 70 por cento do prezo da renda, segundo tramo de ingresos. Estas porcentaxes incrementáanse en 10 puntos porcentuais cando se trata de vítimas de violencia de xénero, de maneira que a axuda pode chegar ao 80 por cento do custo do alugueiro.

O obxectivo deste programa é facilitar o acceso á vivenda a familias e colectivos desfavorecidos por medio de axudas ao alugueiro. Ademais, fomenta a posta en alugueiro de vivenda a través de axudas para a súa rehabilitación.

### **Execucións hipotecarias**

Por outra banda, os beneficiarios do Programa de afectados por execucións hipotecarias, aprobado polo Consello da Xunta a finais do pasado ano, tamén teñen acceso ás vivendas do Aluga, posto que este colectivo se determina como de atención preferente con axudas excepcionais á hora de acceder a estas vivendas.



O Programa diríxese a paliar o problema das execucións hipotecarias nas capas máis desfavorecidas da sociedade, e establece que os seus beneficiarios serán realoxados preferentemente en vivendas de promoción pública e, cando non se dispoña destas, en vivendas do Programa Aluga.



## **A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN INVESTIRÁN 1 MILLÓN DE EUROS NA AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DO MUNICIPIO**

- *O Concello de Nigrán dispón dun servizo municipal de abastecemento de auga que necesita a ampliación de dous novos depósitos, a realización de actuacións puntuais de mellora nas redes de distribución e a instalación de nova rede de saneamento*
- *Augas de Galicia achegará o 80% do orzamento para ampliar a rede de abastecemento de Parada e o depósito, ademais de asumir o saneamento do Ceán, A Lagóña, Xestal, Mestra Emérita, arredor da estrada C-550, rúa Palomar e Ramal, Camiño Piñeiro, Rúa Dehesa e Camiño do Rincho*
- *Pola súa banda, o Concello de Nigrán responsabilizarase do 20% do orzamento restante co obxecto de acometer as obras do tanque de tormentas na zona perimetral de Porto do Molle, e o saneamento en Camiño do Monte e Camiño Regueiro, ademais doutras ampliacións*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre o ente público de Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para o financiamento e a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento do municipio. As actuacións previstas neste acordo contribuirán á sustentabilidade e protección ambiental do contorno grazas a un investimento público de 1 millóns de euros.

A día de hoxe e no que se refire ao abastecemento, o Concello de Nigrán conta cun depósito de capacidade limitada para a demanda futura, o que fai necesaria a urxente execución de dous novos tanques: un destinado ao abastecemento dos núcleos rurais interiores na zona este de Nigrán, e outro novo depósito que abasteza a demanda que se podería xerar como resultado de novos desenvolvementos urbanos no sur.

En canto ás redes de distribución existentes resulta necesaria a realización de actuacións puntuais de mellora co obxectivo de prolongar algunhas conducións e de favorecer as conexións da rede.

Polo que respecta ao saneamento, no termo municipal de Nigrán coexisten redes de saneamento unitarias e redes de saneamento separativas, e é necesaria a execución das segundas nas zonas en que, na actualidade, as redes sexan unitarias. Con isto evítanse os problemas de axuste dos parámetros de depuración e do colapso dos colectores de saneamento que son provocados polas redes unitarias ao mesturar as augas fecais coas pluviais.

Do mesmo xeito, é fundamental a instalación dunha axeitada rede de saneamento nos lugares en que non existe, co fin de reducir o emprego dos pozos/fosas sépticas como



sistema de evacuación de augas residuais, uso que en numerosas ocasións se traduce en filtracións ao solo cos conseguintes problemas de contaminación ambiental tanto no medio terrestre como nas augas subterráneas.

### **Obras previstas no convenio**

Para acometer as actuacións de ampliación das redes necesarias o ente dependente da Consellería de Medio Ambiente achegará o 80% do orzamento (800.000 euros), mentres o Concello de Nigrán o 20% restante (200.000 euros).

Así, correspóndelle a Augas de Galicia asumir as obrigas económicas, contratación, control, dirección, execución e coordinación das seguintes obras, que unha vez recibidas serán entregadas á Administración local para o seu mantemento e conservación:

1. Ampliación rede abastecemento Parada e depósito.
2. Saneamento no Ceán, A Lagoíña e Xestal.
3. Saneamento en Mestra Emérita e C-550.
4. Saneamento en rúa Palomar e Ramal.
5. Saneamento en Camiño Piñeiro e rúa Dehesa.
6. Saneamento en Camiño do Rincho.

O Concello de Nigrán encargárase das obrigas económicas dos traballos que teñen por obxecto o tanque de tormentas na zona perimetral de Porto do Molle e o saneamento en Camiño do Monte e Camiño Regueiro, ademais doutras ampliacións. Dentro destas obras, responsabilizarase do seu control, dirección, execución e coordinación. Ademais, prestará conformidade cos seus proxectos técnicos e emitirá o certificado acreditativo, se procede, de ter sometido a información pública os proxectos, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Outras obrigas serán a posta efectiva de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras e achegar os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarias para levalas a cabo. Tamén deberá renunciar á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local.



## CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 682.500 EUROS A COLABORAR COA FEGAMP PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA NOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- *A Consellería transferiu á Federación Galega de Municipios e Provincia a contía destes servizos, que corresponde aboar á Xunta e están a prestar 36 concellos*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegou no 2013 un total de 682.500 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para aboar os servizos prestados por 36 concellos integrantes dela para a limpeza dos centros públicos integrados (CPI). O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta colaboración, coa cal se avanza na eficiencia e eficacia na prestación dos servizos á cidadanía por parte das administracións públicas.

A transferencia realizouse no marco do acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, cando eles se viñesen prestando mediante a súa contratación cunha empresa de servizos, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

A colaboración entre ambas as entidades evita as duplicidades na prestación deste servizo por parte da Administración autonómica e dos entes locais, favorecendo ao tempo o uso responsable dos recursos públicos.





## **A INCIDENCIA DE BAIXAS ENTRE OS FUNCIONARIOS PÚBLICOS DE GALICIA ADSCRITOS A MUFACE E MUGEJU CAEU NUN 56% DESDE O ANO 2011**

- *O programa que acadou estes resultados é realizado pola Inspección de Servizos Sanitarios dependentes da Consellería de Sanidade*
- *O obxectivo é dar un asesoramento facultativo con especialización e experiencia no seguimento e control destes procesos*
- *Trátase dun control obxectivo, imparcial e ao tempo garantista dos dereitos do traballador e paciente das situacións de incapacidade temporal*

A incidencia de incapacidade temporal progresiva para os funcionarios públicos de Galicia adscritos a Muface e Mugeju reduciuse progresivamente durante os anos 2012 e 2013, e rexistrou unha redución de 3.329 procesos desde o ano 2011. Nese ano producíronse 5.973 procesos de incapacidade temporal, o que supuxo unha redución do 56%.

Así o afirmou hoxe a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, na reunión do Consello da Xunta, que autorizou a sinatura dunha nova encomenda de colaboración da Consellería de Sanidade co resto das consellerías da Xunta que voluntariamente se adhiran para o trienio 2014-2016, para a continuación do programa de inspección que se ven realizando desde 2012.

O obxectivo é que os servizos de Inspección Sanitaria da Consellería de Sanidade sigan a realizar un asesoramento facultativo de gran especialización e experiencia no seguimento e control dos procesos de incapacidade temporal para o traballo dos funcionarios públicos adscritos a estes réximes especiais.

Trátase dun control obxectivo, imparcial e ao tempo garantista dos dereitos do traballador e paciente das situacións de incapacidade temporal. Así, os beneficios desta colaboración repercuten directamente no mantemento do servizo público evitando a existencia de situacións de ausencia inxustificadas; na mellora do clima laboral da unidade administrativa ao garantir que o acceso a esta prestación sexa xustificada clinicamente de forma obxectiva; e na contención do gasto público en materia de persoal que poderá ir destinado á mellora dos servizos da Xunta de Galicia.

Este programa de inspección e control da incapacidade temporal nos funcionarios da Comunidade Autónoma adscritos aos réximes especiais de Muface e Mugeju acadou un aforro de máis de 2 millóns de euros durante os anos 2012 e 2013 (2.113.020 para o colectivo de Muface e 196.140 euros para o de Mugeju).



### **Actividade inspectora**

Respecto ao colectivo de Muface, no ano 2012, dun total de 4.388 procesos de incapacidade temporal, a Inspección realizou control en 2.697 procesos. Destes máis do 56% resultaron con proposta de alta.

Doutra banda, o colectivo de Mugeju rexistrou nese mesmo ano 339 baixas laborais. Neste caso, o 41% resultaron con proposta de alta.

Durante o ano 2013, o número destes procesos reduciuse; no caso de Muface rexistráronse 2.355 e fixéronse 1.430 inspeccións, das que o 23% resultou con proposta de alta. No colectivo de Mugeju producíronse 289 baixas e 262 inspeccións, das cales o 84% resultaron con proposta de alta.

## **A XUNTA DESTINOU PRETO DE 30 MILLÓNS DE EUROS A COOPERACIÓN NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS**

- *Entre 2010 e 2013 financiáronse un total de 191 proxectos en 34 países diferentes*
- *Galicia escala seis postos no ránking de comunidades autónomas, ao pasar da 15ª posición en 2010 á 9ª en 2013*

O Goberno galego destinou un total de 28,9 millóns euros a iniciativas de cooperación nos últimos catro anos, o que supuxo un total de 191 proxectos financiados que se levaron a cabo en 34 países. Así se reflicte no informe de avaliación final do II Plan director de cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013, do que a Vicepresidencia da Xunta deu conta na reunión do Consello de hoxe.

O documento reflicte, así mesmo, que Galicia mellorou a súa posición no ránking de comunidades autónomas canto á actividades de cooperación se refire. De feito logrou escalar seis postos, xa que pasou da décimo quinta posición en 2010 á novena en 2013.

Os investimentos galegos concéntranse sobre todo en países de América Latina e África Subsahariana. Non obstante, o maior esforzo diríxese á área sudamericana, que recibe 8 de cada 10 euros concentrados principalmente en proxectos desenvolvidos en Guatemala, Perú, República Dominicana, Ecuador, Bolivia, Nicaragua, Honduras e O Salvador.

Se atendemos a sectores de especialización, a cooperación galega actúa sobre todo no campo da agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, abastecemento de auga e educación para o desenvolvemento. O informe recolle que de cada 10 euros desembolsados no exterior, 9,3 son para financiar actuacións de cooperación ao desenvolvemento mentres que o resto se dedican á acción humanitaria.

O II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013, cando foi aprobado ne 2010, incorporaba como principal reto unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, facéndoa máis selectiva, concentrada sectorialmente, cunha programación mellor estruturada e con compromisos claros e concisos.

### **Grao de cumprimento**

A este respecto o informe conclúe un alto grao de cumprimento dos obxectivos, xa que 58 dos 68 indicadores previstos foron executados de xeito pleno e satisfactorio. Tamén se logrou unha maior concentración xeográfica posto que o 90 por cento dos recursos desembolsados no exterior investíronse nos 12 países definidos como prioritarios no II plan.



Tamén se salienta que o 54 por cento dos recursos se destinaron a sectores que contan con claras vantaxes competitivas e nas cales Galicia pode ofrecer unha experiencia e coñecementos específicos, como a pesca ou a acuicultura, así como a colaboración con países de fala lusófona ou aqueles latinoamericanos onde hai cultura de cooperación dos nosos axentes.

Así mesmo, o documento reflicte un maior alcance das axudas e unha mellor coordinación. Neste sentido, subliña o alto nivel de diálogo entre a Xunta e os axentes galegos de cooperación, especialmente coas ONGD, que xestionaron o 70 por cento dos recursos dispoñibles.

Outro dos aspectos positivos é o alto grao de transparencia acadado, coa información ao alcance da cidadanía na web de cooperación galega. Nela poden consultarse os proxectos, a súa planificación, os instrumentos de axuda, as intervencións financiadas e as memorias anuais de xestión.

Todos estes aspectos confirman que Galicia se alíña coa axenda global do desenvolvemento contribuindo así ao cumprimento dos Obxectivos do Milenio e ao compromiso da eficacia nas axudas.

Cómpre lembrar que o II Plan director para a cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013 foi aprobado no Parlamento de Galicia en xuño de 2010, e contou co apoio unánime dos tres grupos políticos que naquel momento tiñan representación na Cámara autonómica.

Este plan que agora se avalía naceu co obxectivo de converterse nunha ferramenta útil, compartida por toda a sociedade galega, que lle permitirá a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada cos procesos de desenvolvemento dos países do sur, partindo do recoñecemento das dificultades que para todos representan as especiais condicións económicas que caracterizan o momento presente.



## **O PROGRAMA INNOEMPRESA MOBILIZA 6 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DE 176 PEMES GALEGAS A TRAVÉS DA INNOVACIÓN**

- *As axudas alcanzan o 50% do investimento e apoian actuacións de mellora organizativa e de xestión, e de innovación tecnolóxica e calidade*
- *Prímase o impulso á innovación nas pequenas empresas, que suman case o 65% do total das beneficiadas*
- *Os proxectos permitirán crear máis dun centenar de postos de traballo de calidade ligados á innovación*
- *Co obxectivo de seguir afondando no reequilibrio territorial, o 25% dos proxectos serán desenvolvidas por empresas instaladas en áreas con plans de dinamización territorial –Lugo, Ourense, Ferrolterra e Costa da Morte-*

A Xunta de Galicia segue a traballar a prol da modernización do tecido empresarial galego co obxectivo de incrementar a súa competitividade. Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución dunha nova edición do programa Innoempresa, que mobiliza case 6 millóns de euros para o desenvolvemento de 146 proxectos nos que participan 176 empresas galegas que verán incrementadas as súas capacidades innovadoras e tecnolóxicas.

Neste sentido, cómpre salientar que a Consellería de Economía e Industria, no contexto económico actual, realizou un especial esforzo investidor outorgando apoios que se aproximan, na maioría dos casos, ao 50%, máxima contía prevista. Deste xeito, o total dos apoios suman preto de 3 millóns de euros promovendo a realización de distintas iniciativas que crearán máis dun centenar de empregos de calidade a través da innovación no tecido empresarial, con especial atención ás pequenas empresas da comunidade, que supoñen case o 65% do total de beneficiadas.

Así mesmo, as axudas primaron os proxectos de empresas localizadas nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrolterra e Costa da Morte, que tiveron prioridade de acceso aos apoios. Así, o 25% dos proxectos serán desenvolvidas por empresas instaladas en áreas con plans de dinamización territorial –Lugo, Ourense, Ferrolterra e Costa da Morte- contribuíndo a aposta da Xunta polo reequilibrio territorial.

O programa Innoempresa, impulsado polo Igape e que por primeira vez se puxo en marcha en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, promove tres liñas básicas de actuación: innovación organizativa e xestión avanzada; innovación tecnolóxica e calidade, e proxectos de innovación en colaboración. Estas tres liñas están baseadas na utilización de instrumentos e procedementos de xestión xa contrastados, de xeito que facilitan a promoción da competitividade das pemes mediante a innovación.



Grazas a esta iniciativa, durante os últimos cinco anos destináronse máis de 20 millóns de euros ao impulso de distintos proxectos innovadores nas pequenas e medianas empresas galegas. Unha aposta que permitiu a posta en marcha de novos modelos empresariais innovadores, o deseño de novos produtos, ou a identificación de necesidades tecnolóxicas.

O programa enmárcase no impulso da Xunta á mellora e a innovación empresarial como eixes para a reactivación económica de Galicia, e súmase a diferentes ferramentas como os programas Conecta Pemes e Innterconecta, que mobilizan en Galicia 240 millóns de euros en proxectos innovadores. Neste sentido, as axudas de Innoempresa cobren as necesidades de apoio a pequenas e medianas empresas en proxectos de menor entidade económica, pero que cualitativamente son moi importantes pola actitude proclive á incorporación de cambios e melloras que representan.



## CULTURA E EDUCACIÓN TRABALLA PARA QUE OS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS DE NOVAGALICIA BANCO ESTEAN Á DISPOSICIÓN DA CIDADANÍA A TRAVÉS DA BIBLIOTECA DE GALICIA

- *A Consellería incoou o expediente para declarar Ben de Interese Cultural esta colección de 3.214 volumes, xunto cos fondos artísticos das antigas caixas de aforro*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace ás xestións que está a facer a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que os fondos bibliográficos e documentais de Novagalicia Banco estean á disposición da cidadanía a través da Biblioteca de Galicia, situada na Cidade da Cultura. Na reunión semanal do Goberno galego analizouse un informe no cal, ademais, se dá conta do traballo que está a realizar o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad para acadar o permiso de cara ao tratamento técnico e conservación deses fondos a través da dixitalización, de forma que poidan converterse nun patrimonio ao servizo de toda a comunidade galega.

Segundo o informe analizado, a consellería propuxo a Novagalicia Banco que a colección estea dispoñible en réxime de comodato na Biblioteca de Galicia por un período de 5 anos –renovable-, o que facilitará a súa conservación e coidado sen destruír a súa unidade, así como o acceso a investigadores e a exposición dos fondos, sempre primando a súa conservación, especialmente dos máis antigos.

Ademais, a consellería propúxolles aos donos da colección realizar un tratamento técnico dos fondos, catalogándoos e introducindoos en bases de datos con normas internacionais e que sexan accesibles desde os rexistros pola internet. Tras estes tratamentos os fondos poderán estar accesibles a través da biblioteca dixital Galiciana, Hispana e Europea, así como dun portal específico que se crearía na web da Biblioteca de Galicia. Así mesmo, formulouse a posibilidade de facer unha dixitalización progresiva dos fondos antigos con normas internacionais de metadatos.

Neste momento, e tras comprobar o interese de Novagalicia Banco en chegar a un acordo, o proceso está pendente dos informes preceptivos da Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia.

### A colección

A colección de fondos bibliográficos e documentais de Novagalicia Banco está conformada por un total de 3.214 volumes. Entre eles cómpre salientar preto de cincocentos volumes antigos e recentes do ámbito económico desde o século XVI; unha colección de 257 documentos autógrafos de diversos personaxes e autores galegos; e unha valiosa recompilación de 66 incunables, obras anteriores ao ano 1500 ou dese ano, onde figuran impresos venecianos, de Roma, Florencia, Boloña; alemáns (de



Nuremberg, Maguncia, Reutinguen, Leipzig, Augsburgo); de Lyon (Lugudunium), París e outras cidades.

Así mesmo, destaca o fondo histórico cun total de 2.350 volumes con obras que van, na súa maioría, desde o século XVI ata principios do XX. Abundantes obras do XVI e moitas do XVII, algunhas de gran valor, como o Quixote de Amberes de 1697, o Jenofonte de Basilea de 1545, obras de Virgilio, Ovidio, Homero, Boecio, Duns Scoto, Justino, Cicerón, Juan de Granada, Apiano, Dion Casio, San Atanasio e moitos outros en coidadas edicións. Do século XVI destaca un Ruscelli veneciano de 1583 sobre la milicia, hai abundantes obras do XVII e XVIII, así como as Memorias de Napoleón, editadas en 1823.

Así mesmo, tamén hai 11 facsímiles, de obras relevante valor e interese como o da Biblia Xudía Kennicot, o do Codex Calixtinus ou o Quixote en galego con gravados orixinais de varios autores. Entre eles existen exemplares editados pola propia Caixa, como o Calixtino de Salamanca.

